

TEMPOS DE ALTURA PARA A LÍRICA

A mediados da década dos oitenta corría por estas terras o malicioso tópico de que “*en Galicia levantas unha pedra e sae un poeta*” facéndose eco da vitalidade que ía acadando progresivamente a escrita de poesía. Hoxe por hoxe, esta afirmación -por suposto, libre de calquera carga pexorativa- segue sendo unha realidade constatable no número de voces e obras que ven a luz cada ano pois nunca se editaron tantos poemarios, nin a oferta foi tan plural canto a temas e formas. Así, na actualidade, o lector atopa no mercado unha ampla gamma de textos que devalan entre as propostas de tendencia máis clásica e os versos máis rupturistas, mesturando os ríxidos esquemas da métrica cos desexos de solventar as fronteiras entre os xéneros, de xeito que resulta difícil para alguén non atopar un volume capaz de satisfacer as súas esixencias literarias.

Esta diversificación do discurso poético vaise ver favorecida por unha serie de factores externos que actúan como revulsivo e axudan a divulgar as obras e os nomes dos seus creadores. O máis determinante é o aumento experimentado no número de editoras que, con maior ou menor regularidade, publican poemarios e van xurdindo no ronsel dese *buque insignia* que foi (e segue a ser) Espiral Maior. A década de existencia que vén de cumprir este selo demostra que un proxecto considerado utópico -o de publicar só poesía- era factible e que todos os agoiros que anunciaban para el unha vida efémera non foron máis que voces no deserto. Espiral Maior segue tendo hoxe en día o máis amplo fondo editorial da nosa historia literaria canto a volumes de poesía -xa van máis de douscentos publicados- e mantén activas catro coleccións dedicadas a este xénero. Conseguiu así o que non foran quen de acadar outros selos -mesmo os vencellados a grandes empresas editoriais-: sobrevivir nun mercado que se amosa esquivo pois a eclosión continua de voces e a diversificación nos produtos ofrecidos non parece ter suficiente eco nas cifras de vendas. Por contra, a lírica segue a ser aceptada a regañadentes por parte da masa lectora que consume narrativa pero non se decanta, agás casos moi concretos, polo verso. Isto incide directamente nas pequenas tiradas que acadan os poemarios e implica un constante desafío para as editoriais que ofrecen este tipo de obras, sempre a un paso de fracasar.

O problema da escaseza nas vendas de poesía determina, ademais, unha certa endogamia. Así, eses trescentos lectores-compradores habituais de que falan os cómputos de mercado resultan ser, maioritariamente, os propios escritores (sobre todo os poetas e críticos) o que redunda nun círculo vicioso que exclúe do proceso de produción do libro poético a esa gran masa anónima que é a verdadeira destinataria do esforzo creativo dos autores e a única capaz de avalar coa súa confianza a este xénero literario. Por suposto, hai honrosas excepcións a esta regra xa que algúns poetas chegan a esgotar as tiraxes das súas obras malia o seu número, comparado co de narradores, resultar bastante ínfimo. Paradoxalmente, calquera acto relacionado coa poesía adoita convocar a un alto número de participantes, sexa a presentación dun novo volume, un recital poético ou outro tipo de manifestacións. Precisamente, este interese resulta esperanzador pois implica unha mudanza nos hábitos literarios do público e vese, sen dúbida, favorecido pola gran diversidade de produtos que se ofrecen neste momento e pola constante adecuación ós novos tempos do vehículo expresivo utilizado pola poesía. Así hai que entender os esforzos por parte dos poetas por buscar novos medios de expresión que non se circunscriban unicamente ó molde do libro (Internet, follas voandeiras, cancións, etc.). Desta maneira trátase de facer boa a tendencia actual a democratizar a arte e explóranse vías alternativas que faciliten o contacto do lector/oínte/navegante co verso por vía escrita, oral ou mediante as infinitas posibilidades que ofrece a Rede.

Con todo, e malia as eivas expostas, unha ollada rápida polas obras publicadas nos últimos anos ofrece a convicción do bo momento que vive a lírica na actualidade dado o dinamismo que amosa e a pluralidade de discursos e tendencias ofrecidas polos poetas. Certo é que nunca houbo unha época tan fértil canto a creadores que conviven nun mesmo espazo temporal aínda que, quizais, se bota en falta tamén unha implicación máis activa do poeta como intelectual preocupado polo seu tempo e polas desigualdades que este propicia. Non chega con levar a poesía á rúa e democratizar o seu consumo senón que o reto consiste en salvar a distancia entre creador e receptor.

Polo demais, os trazos básicos da poética actual seguen a ser os mesmos que se manifestaban a comezos dos noventa cando a entrada masiva neste espazo das voces femininas supuxo o encontro con temáticas (erotismo, vinculación telúrica coa terra, vivencias particulares da muller) e formas (renovación das linguaxes, formas anárquicas, ruptura co discurso clásico patriarcal) que se subvertían anovándoas. Desde este momento, as poetas xa son arte e parte no proceso de construír a casa da palabra e, como tales formantes, deseñan as arquitecturas do predio que as acolle. Por outro lado, obsérvase tamén a tendencia a superar as fronteiras entre xéneros (poesía visual, *performances*, prosa poética), a experimentar co verso aínda no límite

da marxinalidade estética e desde a liberación das cadeas formais. E segue de plena actualidade o fenómeno dos grupos e colectivos poéticos que se unen para ir buscando o seu lugar na escrita e crean espazos para a lírica fóra dos circuitos tradicionais.

Todos estes factores son os que nos permiten afirmar que vivimos tempos de altura para a lírica, que nunca coma hoxe houbo tantos e tan bos produtos que ofrecer a un lector medianamente receptivo e que a convivencia de voces contribúe a crear un panorama fértil canto a seguir ofrecendo poemarios de calidade indiscutible.

Teresa Seara

O Correo Galego, Supl. "Revista das Letras", 375, 12-7-2001, p. 9.